

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte núm.: 2022/E001/000040

ANUNCIO

Convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de Profesor/a de Conservatorio, especialidade violoncello, do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal. Resultado do proceso selectivo

O órgano de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de profesor/a de conservatorio, especialidade violoncello, do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022), nomeado mediante resolución núm. 341/2024, do 21 de febreiro, do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, na súa sesión do 11/03/2024 e de conformidade coa base 7 das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E 2022 (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (BOP A Coruña núm. 231 do 07/10/2022) e da base 6 das bases específicas para a cobertura de 1 praza de profesor/a de conservatorio, especialidade violoncello (BOP da Coruña núm. 241 do 22/12/2022), procedeu á valoración dos méritos dos dous aspirantes presentados e dispuxo a publicación do resultado para os efectos da presentación das reclamacións que se considerasen oportunas, sen que durante o prazo concedido se tivera presentado ningunha.

O órgano de selección, en sesión que tivo lugar o día 18/04/2024 adoptou os seguintes acordos:

“(...)

No entanto, advítese un erro na denominación da categoría profesional dos servizos prestados de Juan José Díez Seoane recollida na acta nº 1 da sesión do día 11/03/2024, procedendo neste momento á rectificación do dito erro material. Así, ONDE DI:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
Díez Seoane, Juan José	123 meses como <u>Profesora de violín</u> no concello das Pontes, xornada do 21% e completa (0,25/mes) = 30,75 puntos Máximo bases: 30 puntos	- XVII Curso Internacional de Música de Llanes (102h) - Curso de Violoncello con David Etheve (14h) Total 116h (0,20/h) = 23,20 puntos Máximo bases: 20 puntos	50

DEBE DICIR:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
Díez Seoane, Juan José	123 meses como <u>Profesor de violoncello</u> no concello das Pontes, xornada do 21% e completa (0,25/mes) = 30,75 puntos Máximo bases: 30 puntos	- XVII Curso Internacional de Música de Llanes (102h) - Curso de Violoncello con David Etheve (14h) Total 116h (0,20/h) = 23,20 puntos	50

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

		Máximo bases: 20 puntos
--	--	--------------------------------

(...)

Por todo o indicado, e de acordo coa base novena das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos de persoal incluídas na OEP-E 2022 para a estabilización do emprego temporal (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) e a base novena das bases específicas para a cobertura dunha praza de profesor/a de conservatorio, especialidade de violoncello, a comisión de valoración acorda:

Primeiro.- Elevar a definitiva a valoración da fase de concurso do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de profesor/a de conservatorio, especialidade de violoncello do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) co seguinte resultado:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
Díez Seoane, Juan José	30 puntos	20 puntos	50
Fuentes Núñez, Alicia	0 puntos	20 puntos	20

Segundo.- Declarar que **Juan José Díez Seoane**, con DNI ***6174** superou o proceso selectivo convocado para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de **profesor/a de conservatorio, especialidade violoncello**.

Terceiro.- Propoñer á Concellería-delegada da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos a **contratación** de **Juan José Díez Seoane**, na categoría de **profesor/a de conservatorio, especialidade violoncello**, do cadro de persoal laboral fixo do concello das Pontes de García Rodríguez.

Cuarto.- De conformidade co establecido na base novena das bases xerais, establecése a seguinte relación complementaria por orde decrecente de puntuación, coas persoas aspirantes finalistas do proceso, pero que non foron incluídas na proposta de contratación, coa finalidade de poderen ser nomeadas en caso de renuncia antes da contratación ou imposibilidade de incorporación da persoa inicialmente proposta, de acordo co provisto no artigo 68.1 do TRLEBEP:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
Fuentes Núñez, Alicia	0 puntos	20 puntos	20

Quinto.- En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), **publicar** un anuncio co resultado do actuado na presente sesión no taboleiro de anuncios electrónico do concello das Pontes, así coma na páxina web municipal.

Sexto.- A persoa aspirante proposta deberá **presentar na sede electrónica do concello** das Pontes de García Rodríguez, **no prazo máximo de 20 días hábiles**, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios electrónico do concello, **a seguinte documentación**:

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

- a)** Certificado/Informe médico acreditativo de posuér a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.
- b)** Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- c)** Declaración xurada de non atoparse incuso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.
- d)** Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- e)** Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais
- f)** Certificación negativa do Registro Central de delincuentes sexuais (artigo 57 da Lei organica 8/2021, do 4 de xuño)

A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida e agás os casos de forma maior, ou cando do exame da mesma se deduza que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, impedirá o nomeamento e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na súa solicitude de participación.

(...)".

Contra os actos do órgano de selección, poderán interpoñerse os recursos que procedan segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Documento asinado pola secretaria do órgano de selección, María Roca Vázquez, na data da sinatura dixital.